

ANEXO I

D....., con DNI....., en representación
de, con domicilio social en

DECLARA RESPONSABLEMENTE
EXPTE:SER/11/19

Que o comparecente o a empresa a que representa e os seus administradores e/o representantes non están incursos en causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA, así como en ningún dos supostos de prohibición de contratar contemplados no artigo 49 da Lei 49/2007, de Contratos do Sector Público (no sucesivo LCSP) e que a actividade ou finalidade do licitador comparecente gardan relación co obxecto do contrato.

Que (nome do licitador) se atopa o corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como está dado de alta no IAE, non haber causado baixa e estar ó corrente ou exento de pago do mesmo.

Que..... (nome do licitador), no caso de resultar adxudicatario, comprometese:

- A salvagardar a confidencialidade da información manexada e ao respecto estrito da normativa sobre propiedade intelectual e Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de datos.


- Ao cumprimento de todas as normas laborais, de seguridade, saúde, prevención de riscos laborais e protección de medio ambiente.

- Adscrición definitiva á execución do Contrato, do equipo o materiais especificados na oferta.

- En relación cos SEGUROS comprometese o seguinte:

O adxudicatario subscribirá ó seu cargo e manterá en vigor durante o curso do presente contrato e ata a súa completa finalización, un programa de seguros que inclúa as seguintes coberturas entendéndose que as achegas dos mesmos nunca serán inferiores ós obligatorios segundo as leis e normas vixentes e que o mantemento de tales seguros non variará ningunha das obrigacións de indemnización establecida por Contrato.

1. Seguro de responsabilidade civil con un límite de indemnización de 3.000.000,00 euros, para cubrir os danos materiais e persoais consecuenciais ocasionados a terceiros así como danos os bens custodiados. Este seguro deberá incluír como mínimo a responsabilidade civil de explotación, responsabilidade civil subsidiaria de subcontratistas e responsabilidade civil patronal, por un importe mínimo de 150.000 euros así como a cobertura de Defensa xurídica e Fianzas.



2. Se houber necesidade para a prestación do servizo, seguro de Responsabilidade Civil Obrigatorio e Voluntario de vehículos e maquinaria empregados na realización dos traballos, así como calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación en vigor durante o período de duración dos traballos.

A póliza salientada no apartado 1 deberá prestar a súa cobertura polos danos reclamados durante todo o período de execución dos traballos ata a conclusión dos mesmos.

O Adxudicatario comprométese ó puntual abono dos recibos xerados polas pólizas salientadas nos puntos anteriores, tanto no momento da súa contratación como no da súa renovación, así como calquera outro que se devenga durante a vida das citadas pólizas, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinado pola falta de pago dos citados recibos.

O Adxudicatario queda obrigado a informar á Fundación de calquera incidencia que afecte á vixencia e condicións dos seguros descritos nas cláusulas anteriores, prestándose a colaborar cos empregados, axentes o representantes da Fundación para o bo fin dos mesmos.

No caso de subcontratar algúns dos traballos propios do servizo que se adxudica, o adxudicatario se obriga a esixir ás correspondentes subcontratadas a formalización dunha póliza como a sinalada no apartado 1 da presente cláusula e incluír en calidade de asegurado a ditas contratas nas pólizas formalizadas polo mesmo. O Adxudicatario informará de ditas circunstancias á Fundación a quien presentará puntualmente a documentación que acredita a citada formalización.


En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, sexa por aplicación de franquicias ou outro tipo de descuberto dos seguros contratados, deberá ser soportada polo Adxudicatario.

O Adxudicatario obrigase a reparar os danos e responder por aqueles resgos que non queden garantidos na póliza do seguro descrita anteriormente, ó fin de levar a bo termo o servizo conforme as obrigas e responsabilidades asumidas neste contrato. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitará as obligacións e responsabilidades derivadas de este contrato.

A Fundación poderá solicitar o cambio do asegurador cando o mesmo non mereza confianza en virtude de situacións económicas e/ou financeiras sobrevintes que demostraren un estado de solvencia e/ou calquera outra circunstancia que puxera en dubida a validez da cobertura outorgada.

O Adxudicatario non poderá solicitar ante a aseguradora a anulación, modificación ou enmenda das pólizas subscritas, sen o previo consentimento por escrito da Fundación.

E para que conste firmo a presente declaración responsable en a
de



ANEXO II.- MODELO DE PROPOSICIÓN

Don/Dna _____, con endereço en _____, Província de _____ C.P. _____, provisto do DNI número _____ expedido en _____, con data _____, en representación de _____, CIF _____, número _____, teléfono número _____ fax número _____, sabedor das condicións e requisitos que se esixen para concorrer ao procedemento para a contratación do servizo de Seguridade e Vixilancia do Museo do Mar de Galicia, número de expediente SER/11/19

DECLARA:

1º.- Que coñece o Prego de Cláusulas Particulares e o Prego de Prescripcións Técnicas que serven de base á convocatoria do citado procedemento, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Fundación Museo do Mar de Galicia, e comprométese en nome _____ (*da empresa a que representa*) a cumplir o contrato de conformidade cos referidos pregos.

3º.- Obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e calquera outra de carácter xeral.

4º.- Que, en relación co traballo obxecto da presente oferta, me comprometo en nome (propio ou da empresa que representa), a tomar ao meu cargo o mencionado servizo, con estrita suxección aos expresados requisitos e condicións; ofertando realizar o servizo por importe de _____ € más IVE (18 %), o que fai un total de _____ €.

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III.- CESION DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Dados de Carácter persoal infórmaselle que os datos persoais recabados a traveso deste Prego serán incorporados a un ficheiro do que é titular a Fundación Museo do Mar de Galicia cuxa finalidade é a tramitación, control e formalización das contratacóns realizadas pola Fundación Museo do Mar de Galicia en particular do concurso público:

SER/11/19 SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DO MUSEO DO MAR DE GALICIA.

Así mesmo, infórmaselle de que no caso de que vostede negúese a fornecer os seus datos de carácter persoal será imposible facerlle partícipe deste proceso de contratación.

O Museo do Mar de Galicia comprométese a cumplir a súa obrigación de gardar segredo respecto dos datos de carácter persoal que figuran no presente prego e garante a adopción das medidas de seguridade necesarias para velar pola confidencialidade de devanditos datos.

Recoñéceselle a posibilidade de exercitar gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación e cancelación nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, mediante escrito dirixido ao Fundación Museo do Mar de Galicia que poderá ser presentado persoalmente nestas oficinas ou remitido por correo certificado á seguinte dirección:

Fundación Museo do Mar de Galicia.- Avenida Atlántida 160, 36208, Vigo.

Así mesmo infórmaselle que a Fundación Museo do Mar de Galicia está obrigada por Lei a ceder parte dos seus dados a órganos oficiais como a Xunta de Galicia, o Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, a Comisión Europea e calquera outro que en lexítimo exercicio das súas competencias puidese solicitalo.

No caso de que entre a documentación presentada deban incluírse datos de carácter persoal, referentes a persoas físicas distintas da que presenta dita documentación, Vd, deberá con carácter previo á súa inclusión, informar a estas persoas físicas dos extremos contidos neste anexo.

En proba de conformidade, o SOLICITANTE asina a presente,

En ,a de de 20....

